

REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

PROGRAMACIÓN  
DANZA

rededanza

2006

XUNTA DE GALICIA



**ESPECTÁCULOS  
AO VIVO**

# PENSADOS PARA TI



**REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

**IGAEM**

Instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais



## Déixate enredar... pola danza

Temos algo que ofrecerche: emoción. Ao vivo, diante dos teus ollos, irrepetible. Onde a vida latexa segundo a segundo, onde muda en historias e movementos que acontecen pensadas para ti. Achégate e déixate seducir. Propostas diversas e plurais para públicos tamén diversos e plurais. Que nos axudan a vivir. Que nos dan respostas e, sobre todo, nos deixan no corpo preguntas. Valores para o día a día, con sentido e sensibilidade contemporánea. Que nos moven: conmoven. Con calidade e paixón. Só cando ti estás diante, ou dentro. Déixate enredar... pola danza.

**A Rede Galega de Teatros e Auditorios** é o principal circuíto de exhibición de artes escénicas e musicais de Galicia, unha rede de espazos na que se desenvolven diferentes programacións de teatro, monicreques, danza, música e maxia. Creada polo IGAEM, intégrana actualmente 45 concellos e entidades de todo o país.

## Carballo

### Pazo da Cultura

- 28 de outubro, sábado** *13 Rosas*  
Arrieritos | 21.00 h
- 5 de decembro, martes** *Delicado abismo*  
Pepe Hevia | 21.00 h
- 6 de decembro, mércores** *Menú vexetal*  
Disque Danza | 19.30 h
- 7 de decembro, xoves** *Engado, ilusionistas de a Pé*  
Nova Galega de Danza | 21.00 h
- 29 de decembro, venres** *Imaxina que...*  
Experimenta Danza | 18.00 h

## A Coruña

### Teatro Rosalía Castro

- 28 de setembro, xoves** *Verde transparente*  
Druída Danza
- 4 de outubro, mércores** *Delicado abismo*  
Pepe Hevia
- 11 de novembro, sábado** *13 Rosas*  
Arrieritos
- 26 de novembro, domingo** *Meltemi*  
Experimenta danza

Todas as funcións serán ás 20.30 h



## As Pontes – Vilalba

### Auditorio Municipal Cine Alovi

---

- 17 de novembro, venres** *Engado, ilusionistas de a Pé*  
Nova Galega de Danza | 21.00 h
- 18 de novembro, sábado** *Imaxina que...*  
Experimenta Danza | 18.30 h

### Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray

---

- 7 de outubro, sábado** *De meu*  
B. Studio Danza | 20.30 h
- 14 de outubro, sábado** *20 anos non é nada*  
Druída danza | 20.30 h

## Ribadeo

### Auditorio Municipal Hernán Naval

---

- 1 de outubro, domingo** *Imaxina que...*  
Experimenta danza | 18.00 h
- 31 de outubro, martes** *Hebras de mujer*  
10&10 danza | 12.00 h
- 17 de decembro, domingo** *N8 OHX*  
Pisando Ovos | 20.30 h
- 10 de decembro, domingo** *Meltemi*  
Experimenta danza | 20.30 h



## Ourense

### Auditorio–Pazo de Congressos

---

- 8 de decembro, venres** *Delicado abismo*  
Pepe Hevia | 20.30 h
- 15 de decembro, venres** *Valle Rosa*  
Ballet Jesús Quiroga | 20.30 h
- 22 de decembro, venres** *En la cuenca de tus ojos*  
Inquedanza | 20.30 h
- 29 de decembro, venres** *De meu*  
B. Studio Danza | 20.30 h
- 30 de decembro, sábado** *Tuttifrutti*  
Larumbe danza | 17.00 h

### Teatro Principal de Ourense

---

- 1 de outubro, domingo** *Hebras de mujer*  
10&10 danza | 20.00 h
- 14 de outubro, sábado** *Islas*  
Patas Arriba | 20.00 h
- 16 de decembro, domingo** *Menú vexetal*  
Disque Danza | 20.00 h
- 28 de decembro, xoves** *Verde transparente*  
Druída Danza | 17.00 h



# Cangas

## Auditorio Municipal

---

**7 de outubro, sábado** *Alonso Quijano el bueno*

Da. Te danza | 19.00 h

**14 de outubro, sábado** *Meltemi*

Experimenta danza | 20.30 h

**21 de outubro, sábado** *En la cuenca de tus ojos*

Inquedanza | 20.30 h

**28 de outubro, sábado** *N8 OHX*

Pisando Ovos | 20.30 h

# Vilagarcía de Arousa

## Auditorio Municipal

---

**8 de setembro, venres** *N8 OHX*

Pisando Ovos

**9 de setembro, sábado** *En la cuenca de tus ojos*

Inquedanza

**15 de setembro, venres** *Cadanseu chapeu*

Disque Danza

**16 de setembro, sábado** *Imaxina que...*

Experimenta danza

Todas as funcións serán ás 21.00 h



***espectáculos***

## 13 rosas

### Arrieritos

**Dirección** Florencio Campo

**Idea orixinal** Elena Santonja e Patricia  
Torrero

**Intérpretes** Montse Cortés, Antonia  
Jiménez, Patricia Torrero, Elena  
Santonja, Tacha González, Patricia  
Ruz, Lourdes Más, Olga Pericet,  
Esperanza de la Vega, Ana Romero,  
Mamen Godoy, Claudia Faci, Sonia  
González

**Dirección e creación musical** Héctor  
González

**Público** adulto

#### Sinopse

*As trece rosas* é un dos feitos históricos máis traumáticos da represión franquista, o fusilamento destas trece mulleres quedou gravado na memoria colectiva daqueles que coñeceron o

que aconteceu e pasou a formar parte do que era mellor esquecer... despois da súa morte empezan a ser chamadas *as trece rosas rojas*.

Este dramático feito proporcionounos a inspiración para a realización deste espectáculo. Sexa esta a nosa pequena homenaxe a todas as mulleres que sufriron a represión franquista e que morreron en defensa dos seus ideais. A envergadura do proxecto e o grande interese suscitado levounos a formular o espectáculo como un encontro de creadoras baixo a dirección e produción da Compañía Arrieritos.

*As trece rosas* serán interpretadas por actrices, bailarinas de danza contemporánea, bailaoras de flamenco, cantaoras, músicas, todas cunha gran personalidade individual e cun elemento común: son mulleres creadoras.



## 20 anos non é nada

### Druída Danza

**Autora e directora** Mercedes Suárez  
**Intérpretes** Silvana Couñago, Beatriz Garrido, Julia Méndez, Yolanda Pérez, Fernando Piñeiro, Miguel A. Ponte  
**Recitador** Álvaro Guevara  
**Bailaríns suplentes** Paloma Colomer, Carolina Lorences e F. Javier Lorenzo  
**Público** adulto

#### Sinopse

A loita cotiá dunha compañía de danza que tras unha aparente monotonía esconde a constante batalla para sobrevivir. Os cambios constantes, *Metamorfoses*, a espera de respostas obxectivas, *En Espera*, as amargas noites de *Lúas amargas*, mentres o tempo pasa silenciosamente *O calar do tempo*. E, aínda que no calendario da vida pasaron 20 anos, eles seguen correndo no mesmo punto de partida *que 20 anos non é nada, que febril é a mirada...*



## Alonso Quijano el bueno

### Da. Te danza

**Dirección e coreografía** Omar Meza e Valeria Frabetti  
**Dramaturxia** Juan Mata  
**Intérpretes** Celia Sako, Rosa Mari Herrador, Laura Val, Arnaud Fila, Jeddi Gandhi  
**Música** Joaquín López, batería, fruta doce, guitarra e sintetizador; Miguel Ángel Costero, percusión; Kristoph Tadel, violín; Ramón Sánchez, saxofón e fruta traveseira; Natalia Valderrama, fruta doce  
**Público** infantil



## Cadanseu chapeu

### Disque danza

#### Sinopse

Alonso é un cativo ao que lle gustan moito os libros, igual que a D. Quixote. Esta afección á lectura é motivo de burla por parte dos seus compañeiros de colexio, que non aproban o carácter tímido e pacífico de Alonso. Pero Alonso, o mesmo que D. Quixote, non soporta a inxustiza nin os abusos que os máis fortes exercen sobre os máis débiles, por iso non dubida en defender os maltratados, aínda que lle supoña sufrir algún golpe ou insultos.

A intención do espectáculo é facer presente a D. Quixote no mundo de hoxe, é dicir, ler a novela de Cervantes cuns ollos contemporáneos.



**Autora e directora** Olga Cameselle

**Intérpretes** Olga Cameselle, Patricia

Tobío, Paula Cobián, Carmela Bueno

**Responsable da banda sonora** Isaac

Garabatos

**Público** adulto

#### Sinopse

A sensación de moverse non é ás veces máis que un vaivén sobre o baleiro. Ese pendurar, máis que un estado individual, é unha situación colectiva na que se agachan cousas agradables e outras non tanto: Iso si, cadaquén coa súa particularidade. *Cadanseu Chapeu* ofrece unha peculiar visión sobre os estados de individualidade colectivizada. O espectáculo reflexiona sobre a posibilidade de moverse colectivamente nunha mesma dirección grazas ao feito de asumirse a un mesmo e aos demais, cadaquén coa súa cor, coa súa peculiaridade, en definitiva, cadaquén co seu pensamento.



# Delicado abismo

Pepe Hevia

**Dirección artística e coreográfica** Pepe Hevia

**Intérpretes** Viviana Boronat, Danay Hevia, Marta Pardos, Silvia Paricio, Sonia Romá, Pepe Hevia

**Música** Craig Armstrong, The Bulgarian women's choir, Alexander Balanescu, Tuxedomoon

**Público** adulto

## Sinopse

Esta peza é unha homenaxe e reverencia á obra de Montserrat Gudiol, un traballo que afonda nas raíces da memoria, lanzándose a ese delicado baleiro onde permanece o recordo antes de transcender no tempo.

As cores, mans e rostros nos cadros de Montserrat Gudiol duplican as súas emotivas imaxes grazas á coreografía de Pepe Hevia, a través de simboloxías que actúan como fio condutor vital ao longo de toda unha traxectoria artística e persoal. É o reflexo de personaxes atrapados na memoria e transformados polo paso do tempo nun universo de belezas e realidades.

*Delicado abismo* é esa pinga de óleo vermello que percorre as obras de Montserrat Gudiol un segundo antes de se secar e quedar oculto, latente entre os nosos recordos, mentres os bailaríns, con limpas pinceladas, enchen de esperanza un lenzo imaxinario onde se fai eterna a memoria.



# De Meu

## B. Studio Danza

### ESTREA

**Dirección** Dolores Mayán Rubio

**Intérpretes** Emilia Pardo, Natalia

Iglesias, Vanesa Otero, Celia Mayer

**Público** adulto

### Sinopse

*De Meu* xorde da necesidade de explorar e re-pasar os roles que a sociedade lle asigna á muller, da falla de liberdade que ten para escoller un camiño de seu, da repetición, aparentemente inocente, de estereotipos que atrancan o desenvolvemento das persoas, que as limitan e condicionan negativamente, que marcan e dirixen os seus pasos. Quimeras de muller ante os camiños da vida que cre de seu cando son doutros ou alleos.

Búscase reflexionar e ser consciente da situación, a través dun crisol plástico composto de elementos narrativos e emocionais (xesto, danza, son, luz, obxectos, vestuario...) que provoquen o diálogo entre obra e espectador. É unha historia de camiños transitados por mulleres, de estereotipos, de pasos obrigados, de resistencia, de ilusións, de... necesidade de transformar a realidade.



# Engado, ilusionistas de a Pé

## Nova Galega de Danza

**Coreografía e dirección artística** Jaime P. Díaz e Vicente Colomer

**Intérpretes** Jaime P. Díaz, Vicente Colomer, Ruth Cordero, Lilianne Frías e Emma Cabañas

**Música** Xosé L. Romero e Pedro Lamas

**Intérpretes** José Belmonte e Miguel Castro, vibráfono; Pedro Lamas, gaita e saxo soprano; Xosé L. Romero e Suso Iglesias, acordeón; Richi Rozas, guitarra e baixo; Xabier Díaz, voz, percusión miúda (shaker, pandeiro e pandeireta); Miguel Queijas, batería, bombo, timbal, caixas, charles, aéreos e udu.

**Público** adulto



### Sinopse

Ás veces vivir é esvarar nun dente de serra, ir e vir á vontade das ondas do mar. Supoño que así foi como nos fomos encontrando, aos poucos, un a un e levados pola corrente; foi daquela cando comezamos a nadar, ollándonos ao principio como as estrelas na noite para logo, sen decatarnos e nun impulso, virar o mapa dos sonhos no mapa das nosas vidas.

Naceu entón unha música cunha danza agochada, unha coreografía de cada historia, as nosas, as de todos, as que pasaran e as que fuxiran... e é que por unha parte vivimos ilusionados e por outra somos ilusionistas. Mostramos unha fotografía desenfocada, un cadro a trazos e cores no que intúes, sen darte a penas conta, as túas emocións e a túa propia vida... No escenario somos o que somos e o que aparentamos, e por iso xogamos co que é e non é... Somos, en fin, un xeito de enfeitizar, de transmitir algo que por enteiro non se sabe; somos o engado para que descubras, segredo a segredo, o que non se explica, o misterio que levamos dentro.

Queremos engaiolarte, a cada nota que soe, en cada aceno... e facémolo sendo fillos da terra e do vento que, vindo do mar, vén de todos os mares. Neste baile no arame que é a vida, dende a máis feiteiceira espiña da rosa, tiramos por ti para que soñes e te atrevas, para loitar por aquilo que sentes... e sentir aquilo que arelas. E así, inspirados, ser o engado para chegar a inspirarte.



# En la cuenca de tus ojos

## Inquedanza

**Dirección** Armando Martén Caballero

**Autores** Armando Martén Caballero,  
Beatriz Pérez, Kirenia Martínez,  
Alexis Fernández

**Intérpretes** Armando Martén Caballero,  
Beatriz Pérez, Kirenia Martínez ou  
Katerina Varela Garea, e Alexis  
Fernández ou David Edreira Moris

**Música** Armand Amar e Meredith Monk

**Público** adulto

### Sinopse

Todos os pecados do amor sen detalles, detalles sen amor, arrepentirse de falar, de quedar sen tempo, de gardarse dun mesmo, de dar as costas demasiadas veces.

Teño o son do seu corpo nos oídos.

Que fermoso o sangue tirando cara á confianza, achegándose aromático, pesado e quedo como mazás nunha cunca.



## Hebras de mujer

10&10 danza

**Coreografía e dirección artística** Mónica

Runde

**Intérpretes** Marcela Aguilar, Dácil González,

Joaquín Hidalgo, Javier Machín, Gustavo Martín, Naiara Rojo, Mónica Runde.

**Música orixinal** Pedro Navarrete

**Público** adulto

### Sinopse

Febra na madeira, aquela parte que ten consistencia e flexibilidade para ser labrada ou torcida sen saltar e sen quebrarse. Violencia de xénero ou educación? Unha reivindicación da figura da muller, dunha forma íntima, persoal, sensible ante todo o que doe ou padece. Tres momentos que falan de tres mulleres, de tres tipos de muller cuxa constante vital é a falta de liberdade e a súa evolución ao longo do s. XX. A muller dos anos 30, sen dereito a voto, cuxo único obxectivo é formar familia; a muller dos 60, que irrompe no mundo laboral pero a súa historia segue vencellada ao mundo masculino, do que depende; e as mulleres de hoxe, liberais e conservadoras, que conforman dous tipos de "familias" ben diferenciadas.



## Imaxina que...

Experimenta Danza

**Autores** Carlota Pérez e Pablo Sánchez

**Directora** Carlota Pérez

**Intérpretes** Carlota Pérez, Katerina

Varela, Alexis Fernández e Thierry Taboni

**Público** infantil

### Sinopse

Espectáculo de danza contemporánea para nenos, clown, mimo e novo circo.

#### 1ª parte

*Os nosos soños nun baúl.* Imaxinar que os soños nos fan máis especiais. Movernos por impulsos ledos, por ritmos emocionantes. Poder voar, ser bonecos, converter vasoiras en mil obxectos, vivir entre pompas de xabón, tender a roupa dun modo diferente, un minicabaret, unha historia de amor. Imaxinar que aínda podemos crer que os soños ás veces se fan realidade.

#### 2ª parte

*Historias dun paraugas.* Un día calquera. Unha parada de taxis calquera, tres persoas calquera... e tres paraugas. Unha viaxe chea de fantasías onde a imaxinación é o único medio de transporte.

# Islas

## Patas Arriba

**Dirección artística** Asun Noales e

Arantxa Sagardoy

**Coreografía** Henrik Kaalund, Asun Noales,

Arantxa Sagardoy e Mario Zambrano

**Intérpretes** Geles Alonso, Juan Carlos

Verdú, Erick Jiménez, Asun Noales,

Yolanda Peña e Arantxa Sagardoy.

**Música** J. S. Bach, Gorecki, Coco Rosie,

Utte Lemper

**Público** adulto

### Sinopse

*Ítaca* regalounos unha fermosa viaxe.

*Islas* é unha travesía por diferentes paisaxes, un percorrido pola auga, auga orixinaria onde nacemos como breves illotes, porcións de terra rodeadas de mares como misterios que nos vencellan e nos manteñen sempre afastados. Non existen pontes para cruzar o mar, tan só recunchos onde fondean as nosas azuis ausencias.

Varados coma escollos, abatidos pola corrente, miramos sen cautela, illas descoñecidas, outros seres, outras peles, segredas miradas onde mirarnos reflexados.



# Meltemi

## Experimenta Danza

**Dirección e coreografía** Damián Muñoz e Experimenta Danza

**Intérpretes** Alexis Fernández, Armando Martín, Blanca Blanco, Carlota Pérez, Katerina Varela

**Público** adulto

### Sinopse

*Meltemi* é un vento frío que se evapora nos Balcáns, que hincha as velas gregas e axita as camisas nas tardes de verán. É un vento de cola de cabalo, que impide que a humidade se asente. É un aire que aboia ata facer visible a

textura dunha porta de madeira baixo a pintura; ata facer visibles os poros da pel dun limón, e a enrugada do xeo nun vaso, ata facer visible a humidade do fuciño dun can que dorme á sombra dun muro. Teñas a idade que teñas, o *Meltemi* estírase a pel, alivia a fronte do viaxeiro desesperado, o viaxeiro que non viaxou aínda o suficiente como para ter deixado atrás o seu futuro.

Se abres a boca, o *Meltemi* refrégate e lávache o cranio; cada pensamento será novo e encheraste dunha fame de claridade, e o tirón de músculos precisos.



## **Menú vexetal (dáme verde)**

**Disque danza**

### **ESTREA**

**Dirección artística** Carmela Bueno e  
Alfredo Rodríguez

**Coreografía** Carmela Bueno

**Intérpretes** Paula Cobián, Patricia Tobío,  
Olivia Maté, Carmela Bueno, Ursía  
Gago

**Público** infantil

### **Sinopse**

*Menú vexetal* conta a historia dunha señora que vai comer a un restaurante, e a presentación deste personaxe é o punto de partida para a trama. Seguidamente introdúcense as bailarinas, como personaxes que representan as verduras, as froitas e as legumes.

Pese a súa reticencia inicial a aceptar os pratos simbolizados polas pezas coreográficas, finalmente a protagonista dáse conta dos beneficios destes alimentos e da cantidade de posibilidades que ofrecen para degustar un delicioso menú.

## **N8 OHX**

**Pisando Ovos**

**Idea, creación e interpretación** David  
Loira e Rut Balbín

**Música** Craig Armstrong e Massive Attack

**Público** adulto

### **Sinopse**

*N8 OHX* foi estreada en maio de 2005 no festival “Isto Ferve 05” no teatro Ensalle de Vigo e en novembro dese ano volve a ser representada no teatro Galán de Compostela.

Pisando Ovos participou con esta peza no festival “Dansa Valencia 06”.

Esta peza conta como as distancias se interpoñen entre as relacións humanas e as condicións.

Dous bailaríns comparten un mesmo espazo que muda de dimensións e, do mesmo xeito, as distancias entre eles van cambiando.

Dous tumbados no verde co azul enriba desexando que o silencio faga o seu, mudar a pel en terra e a terra en pel. Respirando acontece, é como caer no ceo.



# Tuttifrutti

## Larumbe Danza

**Coreografía** Daniela Merlo e Joan Torres

**Músicas orixinais** Camerata Meiga,

Fagocity, Mozart e Bach

**Público** infantil

### Sinopse

*Tuttifrutti* é a senda que percorremos da man dos cativos.

Componse dos extractos máis significativos das cinco producións infantís que desenvolveu a compañía.

Daqueles intres inesquecibles. De colorido, humor e contrastes.

Proponse rescatar da memoria as mellores experiencias que nos acompañaron: *El ensueño de Miguel*, *Antes de hablar ya bailaba*, *La cabeza del Dragón*, *Mis amigos, yo...* y otros *de-monios* e *Lomasymasol*, para comezar unha nova etapa compartindo esta proposta en todos os nosos futuros encontros dancísticos.



# Valle Rosa

## Ballet Jesús Quiroga

### Dirección artística e coreografía

Jesús Quiroga

### Intérpretes

Jesús Quiroga, Ana Belén

Ferreiro, Iris Pintos, Eva Faraldo

### Compositor musical dos poemas

Juan

Durán

### Público

adulto

### Sinopse

*Valle Rosa* preséntase en dous actos, o primeiro *valle* baseado na poesía de Rosalía de Castro, da súa obra *Cantares Gallegos*, onde Galicia é a

alma enteira chea de esperanza e xuventude propia da vida que comeza, neste caso acompañada polas súas compañeiras e sucesoras literarias como son Luz Pozo, Marina Mayoral e Eva Veiga. *Rosa*, o segundo acto, inspírase na obra poética de Rosalía, neste caso en *Follas Novas*, onde a poetisa expresa que o sol da vida é o mesmo que ilumina o mundo que habitamos, que non loce nos seus albores da mesma sorte que cando vai poñerse tristemente envolto entre as nubes do postreiro outono.



# Verde transparente

## Druída Danza

### ESTREA

**Dirección** Mercedes Suárez

**Coreografía** Mercedes Suárez

**Intérpretes** Miguel A. Ponte, Yolanda Pérez, Silvana Gouñago, Beatriz Garrido, Matilde Pedreira, Pastor R. Feal

**Músicos** Mónica Denut, voz; Isaac Garabatos, guitarra; Lorena Freijeiro, gaita e frauta; Jesús A. Tejada, baixo e guitarra; Patricia Argüelles, violín; David González, percusión

**Público** adulto

### Sinopse

Os movementos migratorios no seu dobre sentido son o motivo inspirador deste espectáculo.

Galicia, historicamente vencellada ao fenómeno social da emigración, é agora destino de xentes na procura dunha vida mellor. Cos puntos de saída e chegada troncados, cabe afirmar que moitos dos que de aquí se viron obrigados a marchar son os *mesmos* que agora procuran nestes pagos unha mellor sorte para as súas vidas. *Verde transparente* é a cor do noso mar, que pon ante os nosos ollos un dos grandes paradoxos que a realidade máis actual ofrece. O mar, elemento portador de esperanza, a exaltación do coñecemento, a anguria da marcha, a soidade, a inqueda aventura do descoñecido, a incerteza do regreso... Sensacións, sentimentos e desacougos que no seu momento experimentaron os que de aquí marcharon e que agora experimentan os que aquí chegan.





***información***

## CANGAS

### Auditorio Municipal

Avda. de Lugo, 27  
36940 Cangas  
986 30 41 08

## CARBALLO

### Pazo da Cultura

Rúa do Pan, s/b  
15100 Carballo  
981 70 43 00

## A CORUÑA

### Imce–Coliseum

### Teatro Rosalía Castro

Avda. Alfonso Molina s/n 15006- A Coruña  
981 13 44 50 | 981 18 43 48

## AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

### Auditorio Municipal Cine Alovi

R/Rosalía de Castro, 28  
15320 As Pontes  
981 44 03 44 | 981 44 10 08

## OURENSE

### Auditorio–Pazo de Congressos

Rúa da Canle, 2 esq Emilia Pardo Bazán  
32005 Ourense  
988 39 12 90

### Teatro Principal

R/La Paz, 9  
32005 Ourense  
988 24 14 92

## RIBADEO

### Auditorio Municipal Hernán Naval

Praza de España, 1  
27700 Ribadeo  
982 12 86 50 | 982 12 86 62

## VILAGARCÍA DE AROUSA

### Auditorio Municipal

Casa do Concello  
Praza da Ravella, 1  
36600 Vilagarcía  
986 09 92 00 ext. 136

## VILALBA

### Auditorio Carmen Estevez Eguigaray


Casa do Concello, s/n  
Praza da Constitución, 1  
27 800 Vilalba  
982 51 03 05 | 982 51 07 16

## IGAEM

### Instituto Galego das Artes

### Escénicas e Musicais

Rúa da Vesada s/n  
15703 Santiago de Compostela  
981 57 71 26 ext. 103  
programacion.igaem@xunta.es  
www.igaem.xunta.es



## REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

**Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais**

Rúa da Vesada s/n | 15703 Santiago de Compostela

981 57 71 26 ext. 103

programacion.igaem@xunta.es | [www.igaem.xunta.es](http://www.igaem.xunta.es)



Concello de Cangas



concello de CARBALLO



Galiza da Cultura



IMCE  
INSTITUTO MUNICIPAL  
CORUÑA ESPECTÁCULOS



FORUM ROSALÍO CASTRO  
TEATRO ROSALÍA CASTRO



As Pontes de García Rodríguez



Concello de Ourense



CONCELLO DE BARROO  
CONCELARIA DE CULTURA



Concello de Vilagarcía de Arousa



Concello de Vilaíba



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais